

Buenos Aires, 7 de Maio de 1976.

A Ramón Piñeiro
Compostela

Querido Ramón:

Recibín a tua carta do 26/IV/76 e casi simultáneamente a tua conferencia "Lembrando a Castelao" que me parece un dos aportes mais importantes feitos arredor desta gran persoalidade nosa e que axuda a aclarar moitas confusións a xente mais moza, o que non quere decir que non as aclare tamén a xentes da miña idade. Agradézoche a adicatoria polo que ten de fundamento amigable, incluso na súa esaxeración.

Nos aquí estamos vivindo un período de silencio arredor de calquer suceso interno e eu traballo todo o que podo, que cada día vai sendo menos. Teño catro exposicións neste ano.

Non sei si terás visto a Varela. Matinaba atoparte en Santiago, mais tampouco sei si salíu da Madrid, pois denantes trataba de arranxar a súa situación.

Apertas de Maruxa e miñas para Isabel, Sara e para tí: